

# NARRATIVA

## X. L. MÉNDEZ FERRIN

Do centro do teito —un cadrado cáseque perfecto— baixa un cordón eleútrico enfundado en raso gris, muchado, cunha ringleira de moscas mortas ou aletargadas en toda a súa lonxitude. No extremo está a bola branca, perfecta e brillante, que deita unha craridade mate. Posto un de costa á porta, na parede da esquerda véase un tocador. Sobre o márbre do tocador non hai mais que unhas gafas e un caxato de madeira luída e brillante, con puño de almasí en forma de T. Na parede de frente está o armario, un grande moble de estilo vagamente fin de século, cun grande espello non completamente limpo, cun bon número de puntiños negros ou imperfeicións. Xunta do armario, unha cortina gris, uniformemente gris, baixa até o chan en pregues rixidos, paralelos e amplios.

O home, cunha man, aparta a cortina e olla, a traveso da fiesta, como a chuvia bate nos vidros, coma pedriñas. O home non ten a chaqueta posta. Ten, iso si, arrefucidalas mangas da camisa, de tea moi grosa. Antre os dentes do home está fixada a grande paipa, de moita cazola. Aspira o fume aos poucos, con moi pouco espacio entre cada chuchadela. O dormitorio échese lentamente de cheiro a noz, a tabaco arumatizado con ulido de noz. O home desvia a súa ollada dos vidros, da chuvia batendo contra os vidros. Está agora ollando ao grande leito de matrimonio, de estilo vagamente fin de século. A roupa amoréase en desorde contra os pés do leito. Somentes hai unha gran sabán que chega hastra o cabezal. A sabán reproduz con esaitude o corpo de Natalia Olsen. Ela está inmóvil co ventre de cara arriba, coa ollada estranamente ingrávida, incspresiva sen lentes fixa no teito. A sabán chégalle hastra o escote e o home olla en silencio un brazo dela que, por riba da sabán, descansa, nú, a un costado.

Natalia Olsen di cunha voce moi feble, sen sorriso:

—Eu lamento moito que vostede non atopara nista casa o que percuraba. Eu laméntoo moito.

O home eleva o hobreiro esquerdo. Move a testa lentamente de esquerda a dereita. Di ela:

—Había dous anos e tres meses que eu non...

O home volta a apartar a cortina e olla de novo os vidros, a chuvia contra os vidros. Di ela:

—Eu pódolle facilitar a vostede unha navalla de afeitar. Hai dous anos e tres meses que deixou Xonás Olsen de usala. Supoño eu que aínda cortará.

—Gracias, Natalia. Eu estoulle moi agradecido.

O home olla a praza escasamente iluminada por un único farol, que acaba de sere aceso, porque a noite, a sombra, acaba de encher a praza. Fala de vagar, coa voce desfigurada, avanzando antre os dentes, que non deixan de morder a paipa, medio abafada pola cortina que cáseque lle dá na cara.

—Tiña moitas esperanzas nista casa, en vostede, non sei por qué.

Natalia Olsen, bruscamente, vólvese coa face contra o leito, enterra

a face na almofada, agarra con ambalás mans os extremos da almofada, os brazos en crus. Chora. Natalia Olsen chora erguendo desordenadamente, erguendo e baixando a sabán que cubre o seu corpo espido. Chora afogadamente, retorcendo os extremos da almofada con meticulosidade. O home olla a praza agora ensombrecida, cuberta de pucharcas que un vento frío far ondular como a pequenos lagos. O home olla a praza e non di nada.

(De Arrabaldo do Norte)

#### X. L. MÉNDEZ FERRIN

*Del centro del techo —un cuadrado casi perfecto— baja un cordón eléctrico forrado de trapo gris, ajado, con una hilera de moscas muertas o aletargadas en toda su longitud. En el extremo está la bombilla, perfecta y brillante que da una claridad mate. A un costado de la puerta, en la pared de la izquierda se puede ver un tocador. Sobre el mármol del tocador no hay más que unas gafas y una cajita de madera pulida y brillante, con un puño de almasí en forma de T. En la pared de enfrente está el armario, un enorme mueble de estilo vagamente fin de siglo, con un gran espejo no del todo limpio, en el que destacan buen número de puntitos negros y muchas imperfecciones. Junto al armario, una cortina gris, uniformemente gris, baja hasta el suelo con pliegues rígidos, paralelos, anchos.*

*El hombre, con una mano, aparta la cortina y mira, a través de la ventana, cómo la lluvia da en los cristales, como si se tratase de piedrecitas. El hombre está sin chaqueta. Tiene, eso sí, remangadas las mangas de la camisa de tela muy gruesa. Entre los dientes del hombre se sostiene una gran pipa, de amplia cazuela. Da una chupada de vez en cuando, con intervalos muy cortos entre una y otra. El dormitorio se va llenando lentamente de olor a nuez, a tabaco aromático que huele a nuez. El hombre aparta la mirada de los cristales. Está mirando ahora la gran cama de matrimonio, de estilo vagamente fin de siglo. La ropa se amontona desordenadamente a los pies del techo. Sólo hay una gran sábana que llega hasta la cabecera. La sábana dibuja, con toda exactitud, el cuerpo de Natalia Olsen. Ella está inmóvil, boca arriba, con la mirada extrañamente detenida, inexpresiva, sin gafas, fija en el techo. La sábana le sube hasta el pecho y el hombre observa en silencio uno de los brazos de la mujer que, sobre la sábana, descansa, desnudo, a un costado.*

*Natalia Olsen dice con voz muy débil, sin sonreír:*

*—Lamento mucho que no haya encontrado en esta casa lo que usted buscaba. Lo lamento mucho.*

*El hombre levanta el hombro izquierdo. Mueve la cabeza de izquierda a derecha. Dice ella:*

*—Hace dos años y tres meses que no...*

*El hombre vuelve a apartar la cortina y mira de nuevo los cristales, la lluvia contra los cristales. Dice ella:*

*—Le puedo dejar una navaja de afeitar. Hace dos años y tres meses que Xonás Olsen dejó de usarla. Supongo que corta todavía.*

*—Gracias, Natalia. Le estoy muy agradecido.*

*El hombre mira la plaza escasamente iluminada por un único farol que acaba de encenderse, porque la noche, la sombra, acaba de llenar la plaza. Habla distraído, con la voz desfigurada, avanzando entre los dientes, que no dejan de morder la pipa, media tapada por la cortina que casi le da en la cara:*

*—Tenía muchas esperanzas puestas en esta casa, en usted, no sé por qué.*

*Natalia Olsen, bruscamente se vuelve boca abajo, la cabeza contra la almohada, agarrándose fuertemente los extremos de ésta, con los brazos en cruz. Natalia Olsen llora levantando y bajando desacompañadamente la sábana que cubre su cuerpo, desnudo. Llora ahogadamente, retorciendo con insistencia los extremos de la almohada. El hombre mira ahora la plaza en sombras, cubierta de charcos que un aire frío hace ondular, como la superficie de pequeños lagos. El hombre mira la plaza y no dice nada.*

## XOSÉ NEIRA VILAS

Coa rabecha deitíeme sin cea e botéi a noite esperto, chorando. Tiven mágoa de min por ser un neno probe. Os probes de todo que andan polas portas esfarrapados, e ás veces hastra rouban patacas ou millo pra comer, están mellor. Aturan ós de fóra, pero non ós da casa que queren andar ben co amo. Porque eles comerán ou non, terán ou non terán zocos, pero están libres do señor e de Manolito.

Pola mañán erguinme canda todos. Fun con meu pai ó monte. No-toume que andaba aqueloutrado pero non me dixo ren. E eu amostéi cara de ferreiro. Voltamos, sin dar fala, cando os bois comenzaron a encrenchar o rabo coa mosca.

Dempóis de xantar marchéi prá eira. Siguéume a tía Carme, pero cando me veu rebaldado a sombra, no pallal, volvéuse. Entón boitéi o cancelo fóra, atraveséi o camiño e metínme no agro. Seguín por entre os renques de millo. Camiñaba de vagar. O millo cobríame. Xa non podían verme. A terra estaba dura. Algús cadullos esfarelábanse debaixo dos meus zocos. Andiven e andiven. Debía estar perto do río pois chegou hastra mín o halbordo da auga na presa do muiño.

Sentíeme. Quitéi os zocos e desabotoéi a camisa. Estaba canso e o sono vencéume. Durmín un bó anaco, non sei canto, e acordéi mentras soñaba que Manolito corría tras de mín cunha escopeta.

—Poidan que anden na miña busca, penséi. Pero non me importou. Meu pai soscábame sin ter por qué e eu queríalle demostrar que non teño medo. Por eso fuxira. E xa daquela teimaba irme pra lonxe. Non quería aturar a Manolito.

Púxenme a facer moreas de terra. Sempre me gostou xogar coa terra. Estaba morna a da tona; a de máis abaixo gardaba algunha lentura. Primeiro fixen un valo; dempóis, unha ponte. Unha ponte con follas de millo e barba de mazaroca por derriba, a xeito de chao e orelas. Foi cando ouvín que me chamaban. Erguinme de súpeto, pero voltéime a anagar.

—¡Nenoooo!

Os primeiros berros viñan da banda do camiño; dempóis parecúeme que saían do resío.

Seguín no meu trafego de amoroar terra coas maos. Tamén costruín un forno, de croios, e arrinquéi millán pra poñerlle darredor. Non me movería dalí. Fixen a promesa de fuxir pra sempre da casa, se meu pai me voltaba a soscar.

—Balbinooo!

*(De Memorias dun neno labrego)*

Sei do bo e do malo coma ninguén. Oxe son un cañoto, unha frangulla, un seixo. Se estou vivo ou morto, ó mundo non se lle dá. Non é a primeira vez que quedo coma un palloco, sin poder rexurdir. Doime o corpo todo, comenzando nos cadrís. Pero aínda así estou diposto a contar-

che outro anaco da miña vida.

Dempóis de andar varios días pola cidade adiante, cometendo cos meus brazos, puiden entrar noutro armacén. Chamábase “Nápoles”. O dono era un italiano. Pagábame corenta pesos por mes. Tamién alí se comía mal, pero dei na estrucia de ripar algún chourizo e retrincos de queixo pra compretar a miña matenza. O trafego diario pasaba das quince horas. Tódalas mañás facía o reparto levando nos hombreiros unha cesta que me rillaba os ósos. Coela ó lombo tiña que rubir até sete ou oito pisos nalgunhas casas. ¿Esta é a América da que nos falaban alá?”, cavi-léi moitas veces cos dentes pechados.

Durmía nun faiado estreito e baixo. Tanto que sin anagarme non podía entrar. Un xeito de nicho. Ás veces íaseme o folgo dentro daquel encerro e soñaba cousas arrepiantes toda a noite. Era pola falla de aire. Así e todo estábase algo mellor ca no sotán de Boedo. Non se vían ratos nin había que aturar o cheiro da mercadoría. Dempóis do primeiro ano cheguéi a afacerme. Porque até ás situacións máis tortas se afai ún cando non che dan a escoller. No faiado non había luz eléitrica e dábanme velas pra alumar. Anque mellor diréi que non mas daban. Vendíanmas, a cinco centavos cada unha. Era o prezo que tiñan daquela. Tan canso chegaba ó meu refuxio que moitas veces non contaba con azos nin pra espirme. Metíame na cama vestido. A vela tenme quedado acesa, e por dúas, veces prendéu o lume no faiado. Salveime da queima por un milagre, se hai milagres. O destino, ou como se chame, enreda así conosco. Tiven a morte diante en moitas ocasións, pera até oxe negóuse a apandar connigo. Non sei se desta vez...

(De Camiño bretemoso)

XOSÉ NEIRAS VILAS

*Con la rabieta me eché sin cenar y pasé la noche despierto, llorando. Tuve pena de mí mismo por ser un niño pobre. Los pobres más pobres que andan por las puertas desarra-pados, y que a veces hasta roban patatas o maíz para comer, están mejor. Aguantan los de fuera, pero no los de casa que quieren estar a bien con el amo. Porque ellos comerán o no, tendrán o no zapatos, pero están libres del señor y de Manolito.*

*Por la mañana me levanté a la misma hora de todos. Fui con mi padre al monte. Notó que yo andaba apenado pero no me dijo nada. Y yo puse cara de herrero. Volvimos sin hablar, cuando los bueyes empezaron a espantar las moscas con el rabo.*

*Después de comer me marché a la era. Me siguió la tía Carmen, pero cuando me vió tendido a la sombra, en el pajar, se volvió. Entonces, salté la cancela, atravesé el camino y me interné en el campo. Caminé entre las hileras de maíz. Caminaba sin rumbo. El maíz me cubría. Ya n opodían verme. La tierra estaba dura. Algunos carozos se aplastaban bajo mis zuecos. Anduve y anduve. Debía estar cerca del río pues me llegó el ronroneo de la presa del molino.*

*Me senté. Me quité los zuecos y me desabroché la camisa. Estaba cansado y me venció el sueño. Dormí un buen rato, no sé cuánto, y soñé que Manolito corría detrás de mí con una escopeta.*

*Puede que me estén buscando, pensé. Pero no me importó. Mi padre me pega sin motivo y yo le quería demostrar que no me daba miedo. Por eso huía. Y ya desde entonces deseaba irme lejos. No quería aguantar a Manolito.*

*Me puse a hacer montones de tierra. Siempre me ha gustado jugar con la tierra. La de la superficie estaba húmeda, pero debajo mantenía cierto calor. Primero hice un valle, después un puente. Un puente con hojas de maíz y barbas de mazorca encima, a manera de*

suelo y barandas. Entonces oí que me llamaban. Me levanté de golpe, pero me volví a agachar.

—¡Niñooooo!

Los primeros gritos venían del lado del camino, después me pareció que salían del ribazo.

Seguí mi trabajo de amontonar tierra con las manos. También construí un horno de piedras y arranqué plantas de maíz para ponerle alrededor. No me movería de allí. Hice promesa de huir para siempre de casa si mi padre me volvía a pegar.

—¡Balbinoooo!

.....

Conozco el bien y el mal como nadie. Hoy soy una pajuela, una nonada, una piedra. Si estoy vivo o muerto, eso no le importa a nadie. No es la primera vez que me quedo como un palurdo sin poder respirar. Me duele todo el cuerpo, empezando por la rabadilla. Pero aun así estoy dispuesto a contar otro capítulo de mi vida.

Después de andar varios días por la ciudad, luchando a brazo partido, pude entrar en otro almacén. Se llamaba Nápoles. El dueño era un italiano. Me pagaba cuarenta pesetas mensuales. También allí se comía mal, pero di en la astucia de robar algún chorizo y trozos de queso para completar mi mantención. El trabajo diario sobrepasaba las quince horas. Todas las mañanas hacía el reparto llevando en los hombros una cesta que me quebraba los huesos. Con ella auestas tenía que subir hasta siete y ocho pisos en algunas casas. “¿Esta es la América de que nos hablaban allá?”, musité muchas veces entre dientes.

Dormía en una especie de sobradillo estrecho y bajo. Tanto, que no podía entrar sin agacharme. Una especie de nicho. A veces se me cortaba el aliento dentro de aquel encierro y soñaba cosas terribles toda la noche. Era por la falta de aire. Con todo, estaba mejor que en el sótano de Boedo. No se veían ratones ni había que aguantar el olor de la mercadería. Después del primer año llegué a acostumbrarme. Pues hasta a las situaciones más inverosímiles se hace uno cuando no tiene donde escoger. En el sobradillo no había luz eléctrica y me daban velas para que me alumbrase. Aunque mejor sería decir que no me las daban. Me las vendían a cinco centavos cada una. Era el precio que tenía. Tan cansado llegaba a mi refugio que muchas veces no tenía fuerzas ni para desvertirme. Me metía en la cama con ropa y todo. La vela se me quedaba encendida y dos veces se me incendió el sobrado. Me salvé de morir abrasado por milagro, si es que hay milagros. El destino, o como se llame, se ensaña así con nosotros. Tuve la muerte muy cerca en más de una ocasión, pero hasta el presente se negó a cargar conmigo. No sé si de esta vez...

## CARLOS CASARES

**Vólvese cara á parede e novamente sinte unha door diste lado, nesta costela. O sono avanza, corre, corre, adónase dil, parece que o vai vencer, parece, pero de súpeto detense**

porque a velocidá do vello Peugeot do Cachorro arrástralle es nervios e rouballe o sono, que se lle vai dos ollos. Loita, tira dil, pero en van. Sabe que soilo queda a espranza de porlle portas ós recordos, pero os recordos empuxan, ascenden, mete a cabeza debáixo da almohada has lembranzas estouran de repente, desbórdanse pola alcoba, échena lentamente. Os zapatos fican flotando como dous barquiños desnortados, levados e traídos, non acostumados á ausencia dos pés i as recordanzas continúan subindo, frías, chegan á outura da cama, toman todo, rodean a seu corpo, convírteno nun montón de carne rodando polo asfalto hasta chegar a mismísima beira da morte que ven correndo, que se aprosima o Cachorro pra racharlle as últimas palabras polo medio suspendidas na boca asomando unha pequena tristeza roxa sorprendida na ledicia de subir

polas veas de recorrer o corpo de estralar nun redondel de festa no centro do peito e saltando a golpes rápidos plom plom plom máis de presa a ver si non chegamos que pasa xa das sete i o partido empeza ás oito i entón o pé dereito pisa o acelerador porque achegábanse as oito achegábanse íbanse achegando xa verás qué campo Lisardo e qué cidá.

Reims empezábase a ver alá lonxe, onde atopéi o primeiro traballo e tuven unha rapaza italiana que se chamaba Clelia e pasábase os domingos comendo cacahuets nunha cafetería que hai nas aforas de Reims; ahí está Reims,

verás qué cidá,

chamamos a Clelia e saíamos pola noite ela ha ter unha amiga mira mira estamos chegando van ser as oito iban ser as oito i entraron nunha recta e calaron de pronto porque o coche fixo un estrano i empezou a facer eses a dar voltas i o Cachorro dixo

tírate que nos matamos

dando voltas

tírate

facendo eses

que nos matamos

i as palabras racháronse alí cando podía seguir vivindo cando podía empezar vivindo cando podía seguir cando iba empezar alí se quedou convertido nun regueiriño de sangue.

(De Cambio en tres)

CARLOS CASARES

*Se vuelve de cara a la pared y nuevamente siente un dolor de este lado, en este costado. El sueño avanza, corre, se adueña de él, parece que lo va a vencer, parece, pero de repente se detiene — porque la velocidad del viejo Peugeot del Cachorro le arrastra los nervios y le quita el sueño, que se le va de los ojos Lucha, tira de él, pero en vano. Sabe que sólo queda la esperanza de ponerle puertas a los recuerdos, pero los recuerdos empujan, ascienden, mete la cabeza debajo de la almohada y las remembranzas estallan de repente, se desbordan por la alcoba, llenándola poco a poco. Los zapatos caen flotando como dos barcos sin rumbo, llevados y traídos, no acostumbrados a la ausencia de pies y los recuerdos continúan subiendo, fríos, llegan a la altura de la cama, toman todo, rodean su cuerpo, convirtiéndolo en un montón de carne que rueda por el asfalto hasta llegar a la mismísima orilla de la muerte que viene corriendo, que se aproxima al Cachorro para cortale las últimas palabras por la mitad suspendidas en la boca asomando una pequeña tristeza roja sorprendida en la delicia de subir por las venas, de recorrer el cuerpo de estallar como una rueda de fuegos artificiales, en el centro del pecho, saltando a golpes rápidos pom pom pom más de prisa a ver si no llegamos que pasan ya de las siete y el partido empieza a las ocho — acercábanse — se iban acercando — ya verás que campo Lisardo y que ciudad — Reims ya se empezaba a ver allá, a los lejos, donde encontré el primer trabajo y tuve una novia italiana que se llamaba Clelia y que se pasaba los domingos comiendo cacahuets en una cafetería que hay en las afueras de Reims; ahí está — Reims, — verás que ciudad — llamamos a Clelia y salimos por la noche ella tiene que tener una amiga mira mira estamos llegando van a ser las ocho iban a ser las ocho y entraron en una recta y callaron de pronto porque el coche hizo un extraño y empezó a hacer eses a dar vueltas — y el Cachorro*

*dijo — tírate que nos matamos — dando vueltas — tírate — haciendo esos — que nos matamos — y las palabras se quebraron allí cuando podía seguir viviendo cuando podía empezar a vivir cuando podía seguir cuando iba a empezar allí se quedó convertido en un reguero de sangre.*

## XOHANA TORRES

Así que, a vivir por prescripción facultativa, a casa está de patas para enriba, o neno, suxo, eu coa ialma ao lombo para solucionar a papeleta do número de glóbulos a base de hepatorradiol, vitaminas e aireo, xa fixen o programa, como é primavera aproveito as mañáns á sombra das mimosas, case nada, polas tardes tomo o sol, merendo, e antre fusco e lusco pónome a contar os lucecús no herbal, xa aviséi ao Xermán que me suba ás caladas algo pra ler da miña amiga Nola, home, non faltaría máis, pero resulta que con esto do figado, parece que non é, pero é, aos cinco días estaba xa cuns azos, unha forza para deter un tren, a vida en rosa. Eles levan alá vai pra dous anos, na derradeira carta din que quizáis veñan de vacances polo vran, quizáis, quizáis, quizáis. De quedarse, nada. Así que non podo decir, Alto, xa paramos, a cousa sigue, pero antre o sol e o ferro penso que non pode durar o afastamento toda a vida. Virán boiantes ca falchoa chea ¿por qué non? a ver, cómo pita o Vintín valendo moito menos que o meu pai, pero o Káiser falando co Pancorvo dixo que aquí para vivir hai que adicarse ao práctico e ser contrabandista, vamos lucidos, meu pai denantes de meterse neses lances, pégase un tiro, si o saberéi eu.

Xa o teño ben pensado, cando veñan ricos, faréi a miña alcoba no miradoiro ao sol, unha mesa de madeira traballada, ébano, caoba, porque habendo money non hai madeira dura; por enriba, chismes de escribanía de prata repuxada, nas paredes repisas libros monecos dous yerros polo menos de Macao, un cadro cunha nena sentada ounha frol na man, destaca moito, o que fai o figado en xarabe, penso deixar o secretariado e pasar a maiores, presentadora loira de tv, non séi cómo lle sentará ao meu pai o cambeo, sempre estivo emperrechado neso de secretaria último modelo, pero todo se andará; non máis aparecer na pequena pantalla, a xente, tola, Qué naturalidá, qué melena fermosa, qué ben viste a muchacha, Repara Pepe, o ben que pronuncia, qué estilosa, ¿De ónde é? De Cantador de Enriba, Vaia, mira ti, non se lle nota nada o acento da rexión, Piripipí, cántos darían por facer o mesmo. Maragatos, a cada ún o seu. Ou non, nada de tele, afinome e fágome escritora, novelista, esa Corín Tellado, ¡o que che ela vende! ¡o que sabe de amor!, para min que viaxou de lo lindo, unha mina a conta do enguedello, a min a cousa paréceme do máis fácil, o que lle pasa a esa muller é que ten moita sicoloxía da xente coma nós, xente que cando chove ten humedén na casa e si ventea entrará o norde mesmo por debaixo das portas, sabe o que queremos e o que non temos, o que temos pero non queremos, o que sentimos, o que desexamos, o caso é que con tantos datos o choio paréceme moi ben: Nun principio, o de sempre, a protagonista ten un mozo rico, algo lúbrico e tamén gabancioso, a cousa desenrólase nun clima de tensión,

rifan decote porque o mozo está moi esixente, i ela, dende logo de eremita, nada; igual cae algunha labazada, coma te descuides el mete man que é un contento, hai moito golfo moito malandrín, a vida é así que todos son equívocos no amor, ei coa teima de sempre, lévaa a un parador...

(De Adíós, María)

### XOHANA TORRES

*Así que, a vivir por prescripción facultativa, la casa está de putas arriba, el niño, dentro, yo con el alma al hombro para solucionar la papeleta del número de glóbulos rojos a base de hepatorrádil, vitaminas y aire, ya fijé el programa, como es primavera aprovecho las mañanas a la sombra de las mimosas, casi nada, por las tardes tomo el sol, meriendo, y en el crepúsculo me pongo a contar luciérnagas en el herbal, ya avisé a Germán que me suba a escondidas algo para leer de mi amiga Nola, hombre, no faltaría más, pero resulta que con esto del hígado, parece que no es, pero es, a los cinco días estaba ya con los vómitos, una fuerza para detener un tren, la vida en rosa. Ellos llevan allá ahora mismo dos años, en la última carta dicen que quizá vengan de vacaciones en el verano, quizás, quizás, quizás. De quedarse nada. Así que no puedo decir, Alto, ya paramos, la cosa sigue, pero entre el sol y el hierro pienso que el hastío no va a durar toda la vida. Vivirán boyantes con la alforja bien repleta ¿por qué no? a ver, cómo pita el Vitín, valiendo menos que mi padre, pero el Kaiser hablando con Pancorvo dijo que aquí para vivir hay que dedicarse a lo práctico y ser contrabandista, vamos lucidos, mi padre antes de meterse en esos jaleos se pega un tiro, si lo sabré yo.*

*Ya lo tengo bien pensado, cuando vengan ricos haré mi alcoba en el mirador al sol, una mesa de madera labrada, ébano, caoba, porque habiendo money no hay madera dura; por encima chismes de escribanía de plata repujada, en las paredes estantes de libros muñecos dos jarros por lo menos de porcelana de Macao, un cuadro con una niña sentada con una flor en la mano, se destaca mucho, lo que hace al hígado el jarabe, pienso dejar el secretariado y pasar a mayores, presentadora locutora de TV., no sé cómo le sentará a mi padre el cambio, siempre estuvo entusiasmado con eso de secretaria último modelo, pero todo se andará; no más aparecer en la pequeña pantalla, la gente, toda. Qué naturalidad, qué melena tan bonita, qué bien viste la chica. Date cuenta, Pepe, lo bien que pronuncia, con qué estilo. ¿De dónde es? De Cantador de Arriba. Vaya, mra itá, no se le nota nada el acento regional. Piripí, cuántos darían por hacer lo mismo. ¡Castañas! a cada uno lo suyo. O no, nada de tele, me educo y me hago escritora, novelista, esa Corín Tellado, ¡cuánto vende! ¡cuánto sabe de amor!, para mí que ha viajado de lo lindo, una mina a cuenta de engullirlo, a mí eso me parece de lo más fácil, lo que te pasa a esa mujer es que sabe mucha psicología de la gente como nosotros, gente que cuando llueve se le moja la casa y si hay viento le entra el mismísimo norte por debajo de las puertas, sabe lo que queremos y lo que no tenemos, lo que tenemos pero no queremos, lo que sentimos, lo que deseamos, la cosa es que con tantos datos el triunfo me parece muy fácil: En principio, lo de siempre, la protagonista tiene un chico rico, algo galán, jactancioso, la trama se desarrolla en un clima de tensión, pelean porque el mozo es muy exigente, y ella, desde luego, de eremita nada; igual cae alguna bofetada, como te descuides él mete mano que es un primor, hay mucho golfo, mucho malandrín, la vida es así que todos son engaños, no amor, él con lo de siempre, la lleva a un parador...*